




PRESENTACIÓN DO LIBRO

FÓRA DO NORMAL

MARÍA REIMÓNDEZ

VENRES, 7 DE SETEMBRO DE 2018 - 20:30 horas

Casa da Cultura de Vilalba



O Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia organizan o vindeiro venres, 7 de setembro de 2018, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, a presentación do libro **FÓRA DO NORMAL** de **MARÍA REIMÓNDEZ**, editado por Edicións Xerais de Galicia, publicación gañadora do *I Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade* que convocaran no ano 2017 as tres entidades antes mencionadas. No acto intervirán: a propia autora do libro, María Reimóndez; o anterior director de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado; o escritor Fran Alonso; o activista trans, Eric Dopazo; o alcalde do Concello de Vilalba, Agustín Baamonde Díaz, e a presidenta do Iescha, Marisa Barreiro.

*“Con **Fóra do normal** María Reimóndez acadou o Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade 2017. Ilustrada por Antonio Seijas, a novela trata do conflito entre identidade e corpo que ten André, o mozo protagonista. Acompañado de amigas, como Mucha e a Patrulla*

Trans, e da lectura de cómics intentará superar o problema porque “no medio da treboada, a única heroicidade é resistir”.

Destinada tamén a un lectorado xuvenil, é unha novela moi acaída para a selección de lecturas sobre igualdade e coeducación, onde se nos fala de tecer redes de afectos, máis alá do xénero e que posibilitará a moitos mozos e mozas atopar referentes... novela espello mais tamén xanela ao mundo.”
(<https://blog.xerais.gal>)

“Unha historia de denuncia a transfobia, o bullying, o machismo e crítica o desuso da lingua galega.

Prexuízos contra o colectivo trans que se materializan a través dun entorno que nega a identidade de André que busca atoparse e loita contra a ansiedade, que lle produce un pai que catalogou o seu fillo de monstruita, contra a depresión e o bullying que sofre na escola.

André atopa un refuxio nos heroes das historias da banda deseñada e segundo crece o personaxe cambian os seus referentes.

As amigas de André sofren unha importante evolución o longo da trama que complementase co crecemento do protagonista e da visibilidade a outras situacións das que non falamos abertamente por medo e prexuízos.

Dos personaxes secundarios destaca Mucha, unha moza con moito carácter que marcará un antes e un despois na historia de André.

A historia está narrada dende o punto de vista de André permitindo coñecer así o seu pasado, a súa nai e a axuda que lle brinda para comprender quen é.

Fóra do normal é unha historia de aceptación, amizade e amor cunha grande crítica social que deberíamos ler todes para normalizar historias como a de André e crear así un mundo onde ninguén este fóra de lugar.”

Por ARTHEMISA - <https://orecunchodolector.es>)